



Expediente IET: P-19-673
Proxecto: Parque eólico Monte do Cordal
Concello: Friol (Lugo)
Promotor: Greenalia Wind Power, SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 30/03/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Monte do Cordal.

1. Antecedentes:

Con data do 13/12/2019 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe sinalábase que os principais impactos do proxectos derivarían do efecto sinérxico co PE Friol, da incidencia visual sobre o Camiño Norte de Santiago e sobre os núcleos de poboación máis próximos, da incidencia que vías e plataformas de montaxe poidan ter sobre afloramentos rochosos. Así mesmo, se indicaban os contidos aos que debería axustarse o EIIP.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Monte do Cordal, de 12,6 MW, composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 107 metros, e 150 metros de diámetro de rotor. O centro de seccionamento proxéctase con estrutura monobloque prefabricada de formigón. Segundo o estudo de impacto ambiental o proxecto prevé o acondicionamento e a nova apertura dunha rede de camiños de 2.123,41 m de lonxitude, 1.120 dos cales correspóndense con vías existentes. A enerxía xerada evacuarase mediante liña soterrada ata o PE Friol.

Estas infraestruturas difiren do proxecto informado polo IET con data 13/12/2019, toda vez que elimínase a máquina AE03 por afección a un ben do patrimonio cultural, quedando modificada tamén a rede de vías de servizo.

As infraestruturas do parque sitúanse dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Cova da Serpe.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo nº3).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística das Chairas e Fosas Luguesas, nas comarcas paisaxísticas da Terra Cha e de Lugo.

A área de especial interese paisaxístico do Catálogo máis próxima é a AEIP_07_07 “Serra do Careón”, situada a uns 4,2 km ao suroeste do ámbito. Respecto aos elementos de interese panorámico cabe indicar que a uns 5,2 km da máquina 01 atópase o miradoiro de Cova da Serpe e, a menos de 1 km da mesma máquina, discorre a ruta xacobeá do Camiño Norte. Os roteiros de sendeirismo contidos no Catálogo discorren a maior distancia, sendo a PR-G 168 Roteiro dos Megalitos o situado máis próximo (4,5 km).

O proxecto localízase distribuído entre o Monte de Riba das Chousas, o Cordal de Silvela e o Monte do Cordal. Trátase de cumios de relevo suave conformados por unha paisaxe dominada por especies forestais de produción madeireira e con presenza de afloramentos rochosos alongados de cuarcita. Os núcleos de poboación da contorna son de pequena entidade e moi dispersos. As principais vías de comunicación da contorna son as estradas autonómicas LU-934, e as provinciais LU-P-2110 e LU-P-2120.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, descríbense as características principais do proxecto, analízase a calidade visual e a fragilidade paisaxística do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km para determinar o número de aeroxeradores visibles e calcular a afección sobre as AEIP, os elementos próximos de interese paisaxístico natural e cultural, entre eles o Camiño Norte de Santiago, así como sobre os núcleos rurais e rede de estradas. Finalmente inclúense un apartado referente aos impactos do proxecto e outro de medidas preventivas e correctoras centradas no deseño do parque (aproveitamento dos camiños existentes, potencias nominais altas para reducir o número de aeroxeradores, soterrado de liña de evacuación e localización das





infraestruturas minimizando os movementos de terras), restauración vexetal dos terreos afectados polo proxecto e a posibilidade de establecer pantallas vexetais nos núcleos máis próximos nos que se observe unha preocupación por parte dos habitantes.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 “Disposicións de carácter xeral” das Directrices de paisaxe de Galicia.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. De acordo ao estudo de visibilidade recollido no EIIP, os impactos máis significativos do parque serán sobre o Camiño de Santiago Norte, cunha afección moi alta, e sobre varios dos pequenos núcleos de poboación, quedando cualificados con afección moi alta os de A Fraga, A Gándara, Silvela, As Petas, Os Carrelos, Pedramaior, A Eirexe, O Espiño, Reción, Corteporcós, A Covariza e Busto (Directriz de paisaxe DX.20.c). Algún destes núcleos ven agravada a súa incidencia polo efecto sinérxico co parque eólico Friol.

De acordo co resultado da análise do impacto do EIIP, as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe. Non obstante, deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.

6. Conclusión:

Os principais impactos na paisaxe producíranse sobre o Camiño Norte a Santiago e sobre os núcleos de poboación máis próximos, estes últimos veranse agravados debido á incidencia visual acumulada con outros parques eólicos en funcionamento ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto (PE Friol).

O EIIP do proxecto pode considerarse adecuado, se ben deberá completarse co contido ao que fai referencia o epígrafe 2.d do artigo 11 da Lei 7/2008 e o artigo 27.d do Regulamento. Así mesmo, deberán ter en conta as normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:

- No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do centro de seccionamento, deberán respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. Así mesmo, co obxecto de amortecer o impacto, no perímetro da subestación disporase unha pantalla vexetal realizada con especies arbustivas autóctonas propias da zona, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.25 b, para as infraestruturas do parque dentro da bacía visual do Camiño Norte procuraráse a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional (rede de camiños, cerramentos e semellantes).
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.22.i, o acondicionamento dos camiños, o trazado das novas pistas e as obras de apertura de gabias deberán respectar, sempre que sexa posible, as sebes, os valados tradicionais e os aliñamentos de árbores, e calquera outro sistema de delimitación tradicional.



En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

